

Equipo de Normalización Lingüística e Departamento de Lingua Galega: CLUB DEBATE MONTOJO. 3º ESO

Un grupo de alumnos de 3º ESO está a participar nun Club de Debate organizado polos concellos de Ferrol, Santiago, Ames, Teo, Rois, A coruña, Carballo, Betanzos, Carral, Pontevedra e Vigo.

A competición terá varias fases. A primeira terá lugar o día 24 de marzo en Ferrol e o tema obxecto de debate será : *A democracia garante a participación cidadá*. No mesmo día do debate saberase se hai que defender ou rebater a afirmación.

Xa tiñeron un curso de formación, moi interesante, no Centro Cultural Carvalho Calero o 24 de febreiro. Alí coñeceron ao resto dos participantes da 1ª fase. Podedes ver a noticia no seguinte enlace.

<http://www.diariodeferrol.com/index.php/periodico-impreso/ferrol/37399-ferrol-noticia>

A actividade ten os seguintes obxectivos: favorecer o emprego oral da Lingua galega e a fluidez comunicativa, incitar o pensamento crítico e analítico sobre temas de actualidade, fomentar a diversidade de opinión, a tolerancia e o traballo en equipo.

O Equipo está constituído por:

Lucía Amado González

Mateo Bujan Varela

Dario García Rodríguez

Simón Pazos Quintana

Laura Ramil Arnosi

Laura Díaz Garzón

Sara González Veiga

Isabel López Frieiro

Sandra Díaz Seoane

Profesora responsables da actividade : Mª José Beceiro e Corona Tato

Profesoras colaboradoras : Carme Fernández, Mª Xosé Martínez, Pilar García (Bibliotecaria) .

Con independencia de como queden na competición, o traballo deste grupo de alumnos é moi meritorio, pois compaxinan os labores escolares e extraescolares con esta actividade, para a que sacrifican tempo libre, recreos e algunha que outra tarde. As profesoras que coordinamos a actividade estamos moi satisfeitas con eles e **xa os consideramos gañadores.**

Equipo de Normalización Lingüística.